



ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE NAIS, PAIS E TITORES/AS LEGAIS AO CONSELLO ESCOLAR

CONVOCATORIA

De acordo coa *Resolución do 19 de setembro de 2022, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG 30/09/22)*, a XUNTA ELECTORAL deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE PAIS E NAIS DO ALUMNADO**, segundo as seguintes normas:

1. Conforme á normativa vixente, corresponde elixir no presente proceso electoral a **un pai/nai/titor legal**, dun total de 3 que debe ter o Consello Escolar. Un representante continúa logo de resultar elixido no proceso electoral anterior e outro é proposto pola ANPA..

2.- Son electores todos os pais e nais ou, se é o caso, os titores/as legais do alumnado matriculado no Centro e incluídos no Censo correspondente que a partir do 10 de novembro está dispoñible na Secretaría do Centro. As reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as 14'00 horas do día 17 de novembro.

3.- Son elixibles os pais e nais ou, se é o caso, os titores/as legais que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do Instituto. As candidaturas poderán ser presentadas dende o 11 de novembro ata as 14'00 horas do citado día 18 de novembro.

4.- A elección producirase entre os candidatos admitidos e proclamados como tales pola Xunta Electoral. Para este efecto constituirase unha mesa electoral integrada pola directora do Centro, que actuará como presidenta, e catro pais/nais/titores/as legais, designados por sorteo público entre os que non se presenten como candidatos, actuando como secretario/a o de menor idade. O **sorteo dos membros da mesa electoral** realizarase en acto público, o **día 21 de novembro, ás 10:25 horas**.

5.- A campaña electoral comprenderá dende o 18 ao 25 de novembro, ambos días inclusive. As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos/as, previa petición á presidenta da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do IES.

6.- Poderán actuar como supervisores da votación os pais/nais ou titores/as legais do alumnado matriculado no Centro que sexan propostos pola ANPA ou, no seu defecto, que estean avalados cando menos pola sinatura de dez electores/as.

7.- As votacións realizaranse no IES o **día 29 de novembro, de 18:10 a 20:30 horas**. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás **18:00 horas**.

8.- Na papeleta de votación cada elector/a fará constar un máximo de **1 nome** de entre as candidaturas presentadas, debendo acreditar a súa personalidade mediante a presentación do DNI ou outro documento acreditativo similar. O voto será directo, secreto e non delegado e non se admitirá o voto por correo.

9.- Teñen dereito ao voto o pai e a nai ou, se é o caso, o titor/a legal do alumnado.

10.- Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío á Xunta Electoral do Centro.

11.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

A Estrada, 9 de novembro de 2022

A PRESIDENTA DA XUNTA ELECTORAL

Asdo.: Beatriz Quintela Rúa

